BOP DIPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 11 DE MARZO DE 2017 Nº 058

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Admnistración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA – SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Ferreiro Díaz solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de servidume e policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55499

As obras solicitadas consisten na retirada de dous muros de pedra e posterior nivelado dos predios que se atopan na zona de servidume e na zona de policía do rego da Azoreira, no lugar de Currás, na parroquia de Lagoa, no concello Alfoz.

As obras realizaranse na parcela 845 do polígono 4 da concentración parcelaria "Val de Alfoz", un dos muros está nas parcelas 214, 218, 219 e 220 do polígono 112 –zona 0- do catastro do concello de Alfoz e o outro muro está nas parcelas 222, 223, 10224 e 20224 do polígono 112 –zona 0- do catastro do concello de Alfoz.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de febreiro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0634

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de marzo de 2017, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso de méritos - de 1 posto de Técnico do Plan Integrado de Emprego Activa-T, a xornada completa e ata o 31 de agosto de 2017.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 5 días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no " Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 3 de Marzo de 2.017.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0635

COSPEITO

Anuncio

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Cospeito, Enderezo: Avenida Terra Chá, 29

Localidade e código postal: Cospeito – C.P: 27377 Teléfono: 982-520001

Fax: 982-520102

Perfil do contratante: www.contratosdegalicia.es

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral

c) Número do expediente: 189/2017

2.-Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Abastecemento de auga aos barrios de Desecabo, o Sumiero e Millarada (Pino), Monte (Bestar, Toxar (Lamas), Ponte, Vilar (Vilar), O Calvario, Sisto, O Rego, Grandela, Casás (Arcillá) e Santalla (Sisoi).

b) Tipo de contrato: Contrato de obra.

c) Lugar de execución: Concello de Cospeito.

d) Prazo execución máximo: 3 meses, (non prorrogables)

3.-Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) criterios de adxudicación : segundo Claúsula 15.dos pregos: A- oferta económica: (máx 20 puntos)

B- ampliación do prazo de garantía: máx 20 puntos,

C- reduccion do prazo de execución dos traballos. máximo 20 ptos.

D.- melloras.- da calidade das tuberías utilizadas na rede xeral. ata 40 puntos

4.-Presuposto de licitación.

398.133,43 euros/ano e 83.608,02 euros/ano de IVE (Total: 481.741,45 euros/ano).

5.-Garantías.

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: 5% do precio de adxudicación (excluído o IVE).

6.- Obtencion de documentaicón e información

Entidade: Concello de Cospeito.

Enderezo: Avda Terra Chá, 29- Cospeito- C.P. 27377

Teléfono: 982520001

Perfil do contratante: www. Contratosdegalicia.es

7.- Requisitos específicos do contratista: Segundo prego.

8.- Presentación de ofertas:

Data límite de presentación: no prazo de trece días naturais a contar do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil do contratante.

Lugar: Rexistro Xeral do Concello do Concello de Cospeito, en horario de 9:00 h a 14:00 horas.

Horas límite: ata as 14:00 horas do derradeiro día do prazo de presentación.

9.- Apertura de ofertas:

Enderezo. Casa consistorial Concello de Cospeito. Data e Hora. Segundo Pregos e Perfil do contratante

10.- Gastos de publicidade. A Cargo de adxudicatario.

Cospeito, 8 de marzo de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño,

R. 0664

LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración e modificación de normas, sustanciarase unha consulta pública, por un prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, a través do Portal de Transparencia integrado na páxina web www.lugo.gal, con carácter previo á modificación do Regulamento de funcionamento do Consello Municipal de Cultura.

Durante o expresado trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións, que se poidan considerar afectados, directa ou indirectamente, pola antedita norma, poden facer chegar as súas opinións, indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a buzondeconsultapublica@concellodelugo.org, acerca:

a) dos problemas a solucionar coa antedita norma

b) da necesidade e oportunidade da súa modificación

c) dos obxectivos a cumprir coa mesma

d) das posibles solucións alternativas xa sexan regulatorias ou non regulatorias.

As alegacións presentadas que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a través de dita dirección de correo electrónico.

Lugo, 3 de marzo de 2017.- A ALCALDESA. Lara Méndez López.

R. 0636

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 25 de novembro de 2016, de aprobación provisional da ordenanza reguladora do prezo público de visitas a talleres de artesáns situados en locais municipais e non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA FISCAL N.º 16, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION PRIVATIVA DE LOCAIS MUNICIPAIS.

Art. 1.º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación da taxa por utilización privativa de locais pertencentes ao dominio público local e de postos no mercado municipal de abastos.

Art. 2.º. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa –baixo o réxime de autorización ou licencia demanial- de locais de titularidade municipal pertencentes ao dominio público local para o desenvolvemento de una actividade económica de mercado.

Considérase actividade económica de mercado toda actividade comercial ou profesional consistente na prestación de servizos ou subministración a cambio de unha retribución económica.

Non estará suxeita á presente ordenanza a utilización privativa do dominio público local para a realización de actividades económicas por duración inferior a un mes, que se autoricen por mor dunha festividade ou evento cultural ou social determinado.

Dentro do feito impoñible se entenderá incluída, en todo caso, a ocupación das instalacións e bens destinados ó servicio de mercado municipal, con independencia da natureza do título habilitante para a súa ocupación.

Art. 3.º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen os bens e instalacións.

Art. 4.º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5.º. Cota tributaria.

CATEGORÍA I – Locais municipais

Locais con acceso directo dende a vía pública:. .....3,5 €/mes/m2

Locais sen acceso directo dende a vía pública: .....2,5 €/mes/m2.

CATEGORÍA II – Establecementos na vía pública

Quioscos..... 50 /mes.

CATEGORÍA III – Mercado municipal

Grupo A). Carnicería, chacinarías e similares:

Postos nº 1, 2 e 3.....94,41 €/mes.

Grupo B). Pescaderías, conxelados e mariscos:

Postos nº 1, e 2..... 62,94 €/mes.

Grupo C) .Froiterías.:

Postos nº 1 e 2 .....62,94 € /mes.

Grupo D). Postos dispoñibles sen uso preferente nin predeterminado:

Locais comerciais nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 ..... 157,35 €/mes.

Local comercial nº 9: ..... 39,00 €/mes/m^2.

Art. 6º. Actividades artesanais.

A cota tributaria establecida na Categoría I reducirase nun 80% no suposto de que os locais de titularidade municipal sexan destinados ao seu uso como talleres de artesanía, nos termos expresados no artigo 2.3 da Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

O solicitante deberá ter a condición de artesán ou mestre artesán.

A condición de artesán ou mestre artesán acreditarase mediante a posición da carta prevista na Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

Art. 7º. Devengo.

A obriga de contribuír nace desde que teña lugar a correspondente concesión de local. Os dereitos de ocupación abonaranse mensualmente, polos concesionarios.

Art. 8º. Actualización de cotas.

As cotas anteriormente sinaladas serán obxecto de actualización periódica anual de acordo coa evolución do índice de prezos ó consumo.

Art. 9º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Os dereitos devengados non aboados, ademais de ser esixidos por vía de constrinximento, poderán levar a revogación da autorización de uso do local ou posto e incluso a clausura do mesmo, coa perda de tódolos dereitos que poida ter o titular.

DISPOSICION DERROGATORIA

Queda derrogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de postos do mercado de abastos, aprobada en pleno de 18 de xaneiro de 2011, e publicada definitivamente no B.O.P. nº 61 o 15-03-2011.

Mondoñedo, 3 de marzo de 2017.- A Alcaldesa, Mª Elena Candia López.

R. 0637

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 25 de novembro de 2016, de aprobación provisional da ordenanza fiscal 16 reguladora da taxa por ocupación privativa de locais municipais e non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DE VISITA A TALLERES ARTESÁNS UBICADOS EN LOCAIS MUNICIPAIS

Art. 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polas visitas de talleres artesáns situados en locais municipais.

Art. 2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que visiten de xeito voluntario os talleres artesáns situados en locais de titularidade municipal.

Non xerará obriga de pago o acceso aos puntos de venta de produtos de artesanía que eventualmente poidan existir nos inmobles municipais, sempre que non se produza o acceso ao taller.

En ningún caso están obrigados ao pagamento quen acceda aos talleres artesáns ou locais municipais por razón do exercicio dunha función pública, ou os traballadores ou profesionais no desenvolvemento das súas actividades mercantís ou profesionais necesarias para o funcionamento do taller ou mantemento do inmoble.

Art. 3. Determinación do prezo público

De acordo co disposto no artigo 47 do TRLHL, o prezo dos diferentes artigos será fixado mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, na determinación do prezo público, poderá establecer un prezo especial para excursións escolares, maiores de 65 anos e titulares de carné xoven ou de estudante. Este prezo reducido non poderá ser inferior ao 50% do prezo ordinario.

Art. 4.- Normas de xestión.

1.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados mediante pago en efectivo, no mesmo acto de acceso e mediante a adquisición do billete de entrada.

A fin de instrumentar o documento de pago e de permitir o control da recadación, o concello porá a disposición dos talleres talonarios numerados de billetes de entrada e que serán de uso obrigatorio.

2.- A persoa responsable do taller deberá trasladar trimestralmente á tesouraría municipal os resgardos de venda e o importe da recadación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derrogación.

Mondoñedo, 3 de marzo de 2017.- A Alcaldesa, Mª Elena Candia López.

R. 0638

OUROL

Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o oito de febreiro de dous mil dezasete, adoptou o acordo de aprobación provisional do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de dous mil dezasete, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público que o Orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, á cantidade de **UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA E**

CATRO MIL SETECENTOS EUROS , (1.784.700,00 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	936.331,62 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	664.768,38 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	34.600,00 €
5	Fondo de continxencia e outros Imprevistos	0,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**1.635.700,00 €**
	B)OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	100.000,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	2.000,00 €
9	Pasivos financeiros	47.000,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**149.000,00 €**

SUMA TOTAL GASTOS: 1.784.700,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	771.000,00 €
2	Impostos indirectos	6.000,00 €
3	Taxas, prezos pbcos e outros ingresos	153.500,00 €
4	Transferencias correntes	744.000,00 €
5	Ingresos patrimoniais	6.000,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**1.680.500,00 €**
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	100.000,00 €
7	Transferencias de capital	2.200,00 €
8	Activos financeiros	2.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**04.200,00 €**

SUMA TOTAL INGRESOS: 1.784.700,00 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reprodúcese a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA.

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO/SUBGRUPO	SITUACIÓN	FUNCIÓNS
1. Habilitación de carácter nacional 1.1. Secretario-Interventor	1	A1	Propiedade	As determinadas no RD 1174/1987

2. Escala de Administración Xeral 2.1. Subescala Administrativa 2.1.1. Administrativo. Xefe de Sección 2.1.2 Administrativo	 1 1	 C_1 C_1	Propiedade (Excedencia) Propiedade	Apoio a Secretaría-Intervención. Substitúe en caso de ausencia, vacante ou enfermidade ao Habilitado Nacional. Servizos xerais de administración xeral
2.2. Subescala Auxiliar 2.2.1. Auxiliar Administrativo	1	C_2	Propiedade	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 191 de 21.08.2002.
3. Arquitecto (a)	1	A 1	Interino	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas n BOP nº 253 de xoves 4 de novemro de 2010.

A) **PERSOAL LABORAL FIXO**.

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN	FUNCIÓNS
Operario de servizos múltiples	1	Vacante	Mantemento das instalacións e servizos municipais
Limpiador/a	1(1/2 Xornada)	Vacante	As propias da denominación da praza

C)PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PLAZAS	SITUACIÓN
Traballadora social	1	Xornada completa
Limpiador/a edificios municipais	1	Tempo parcial
Auxiliares de axuda a domicilio	3	Xornada completa
Auxiliares de axuda a domicilio	3	Tempo parcial
Fisioterapeuta	1	Xornada completa
Educadora familiar	1	Xornada completa
Operario de servizos municipais	2	Xornada completa
Conductor oficial 3ª	1	Xornada completa
Conductor oficial 1ª	1	Xornada completa
Enxeñeiro de montes	1	Xornada completa
Encargado de instalacións municipais	1	Xornada completa
Tecnico de Servizos Xerais	1	Xornada completa
Animadora sociocultural	1	Xornada completa
Promotor de turismo	1	Xornada completa
Bibliotecaria	1	Xornada completa

D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PLAZAS	SITUACIÓN
Técnico local de emprego	1	Xornada completa
Auxiliares de fogar	6	Xornada parcial
Palista	1	Xornada completa
Peóns forestais	10	Xornada parcial
Operarios de servizos múltiples	1	Xornada parcial
Electricista	1	Xornada parcial
Limpador de edficios municipais	1	Xornada completa

E) PERSOAL LABORAL INTERINO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Limpiador/a edificios municipais	1	Media xornada

F) ALTOS CARGOS

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación Parcial
Concelleiro	1	Dedicación exclusiva
Concelleiro	1	Dedicación parcial

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourol, dez de marzo de dous mil dezasete.- O alcalde, José Luis Pajón Camba

R. 0665

MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA CESIÓN DA TITULARIDADE DE BENS

A Xunta Plenaria da Mancomunidade de municipios de Terra Chá, en sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva por cesión da titularidade dos bens mobles seguintes, sen cambio do destino, en exercicio das súas competencias:

IDENTIFICACIÓN BEN	ADMINISTRACIÓN ORIXE	ADMINISTRACIÓN DESTINO
CAMIÓN DE OBRAS MATRÍCULA (4890BCJ)	MANCOMUNIDADE DE MUNICPIOS TERRA CHÁ	CONCELLO DE CASTRO DE REI
TRACTOR CON DESBROZADORA MATRÍCULA (LU094380VE)	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS TERRA CHÁ	CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

SEGUNDO. Anunciar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Mancomunidade , polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións

En Cospeito, a 23 de febreiro de 2017.- O Presidente, Armando Castosa Alvariño

R. 0639

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA – SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **17 de febreiro de 2017,** acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

BURELA: substituto: DON JOSÉ MANUEL REY BARCIA DNI nº 76521646W.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do siguente ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primera instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 20 de febreiro de 2017.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 0640

Signature Not Verified
Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 11.03.2017 08:00:00 CET
Razón:
Localización: España